

REGULAMENTO DO 17/06/2025 DA XUNTA DE FACULTADE DE FISIOTERAPIA, DOS TRABALLOS DE FIN DE MESTRADO (TFM) DA TITULACIÓN DE MESTRADO UNIVERSITARIO EN CRONICIDADE E NOVOS MODELOS DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA IMPARTIDA NA FACULTADE DE FISIOTERAPIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PREÁMBULO	2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación	2
Artigo 2. Normativa aplicable	2
CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFM.....	3
Artigo 3. Matrícula do TFM.....	3
Artigo 4. Realización do TFM	4
CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados	10
Artigo 5. Oferta e asignación do TFM.....	10
Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos	11
CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación	12
Artigo 7. Defensa do TFM	12
Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFM.....	15
CAPÍTULO V. Disposicións finais	16
Disposición final primeira. Habilitación.....	16
Disposición final segunda. Entrada en vigor	17
ANEXO I - PORTADA DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO.....	18
ANEXO II – INFORME DO DIRECTOR/A	19

PREÁMBULO

Este regulamento desenvólvese, co obxectivo de garantir unha xestión homoxénea, transparente e eficiente dos traballos fin de mestrado na titulación de Mestrado Universitario en Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria impartida na Facultade de Fisioterapia.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este regulamento ten por obxecto regular a oferta, asignación, realización, defensa e avaliación dos TFM na titulación de Mestrado Universitario en Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria impartida na Facultade de Fisioterapia da UDC.
2. Será de aplicación a todo o estudiantado matriculado no TFM das titulacións da Facultade de Fisioterapia reguladas por esta normativa, de acordo co disposto na normativa xeral da UDC.
3. O Traballo de Fin de Mestrado, corresponde a unha materia do segundo cuadrimestre que consta de 6 créditos ECTS. O TFM ha de ser un reflexo dos coñecementos e competencias adquiridas polo/a estudante no período de docencia do mestrado cursado.
4. O TFM ha de constituír necesariamente un traballo orixinal, autónomo e individual de cada estudante e preferentemente debe estar enmarcado nunha das modalidades descritas nesta normativa. Realizarase baixo a supervisión dun/dunha director/a que orientará e asistirá ao/á estudante na súa realización. O/a estudante e o seu/ a súa director/a acordarán a temporalización das tarefas para realizar, así como a temática concreta sobre a que se centrará o traballo, sempre relacionada co ámbito de interese para o mestrado.

Artigo 2. Normativa aplicable

1. Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM da UDC, actualmente vixente. En todo caso, nos aspectos non regulados ou que a contradigan, prevalecerá sempre esta última.

2. O presente regulamento está apoiado polas seguintes normas xerais vixentes:
 - a. O Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
 - b. Normativa pola que se regulan os ensinos oficiais de Grao e Mestrado da UDC, actualmente vixente.
 - c. Normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM) da UDC, actualmente vixente.

CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFM

Artigo 3. Matrícula do TFM

1. A matrícula do TFM realizarase dentro do prazo que estableza a Universidade, para o cal efectuará o aboamento dos prezos públicos que correspondan, conforme os créditos que teñan asignados.
2. Para formalizar a matrícula do TFM, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFM, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos da titulación, todo isto sen prexuízo de posibles excepcións que se recollan na Normativa de xestión académica da UDC.
3. Os/as estudantes que participen en programas de mobilidade saínte ou dobres titulacións con outras universidades españolas ou estranxeiras, poderán matricularse do TFM mentres realizan o dito programa de mobilidade ou a estancia na outra universidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.
4. A matrícula dará dereito á defensa do TFM en dúas oportunidades no curso en que estea matriculado/a o/a alumno/a, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.
5. No caso de que o/a estudante non obteña unha avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFM para poder dispor dunha nova convocatoria.

Unha vez formalizada a matrícula do TFM non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

Artigo 4. Realización do TFM

1. O TFM ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do/a estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades acadados na titulación oficial de Mestrado Universitario en Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria.
2. O TFM supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a dirección de, polo menos, un membro do PDI da UDC con vinculación actual ou previa á titulación de mestrado, que actuará como director/a do traballo.
3. Poderán establecerse codireccións con outros/as clínicos/as, docentes ou investigadores/as integrados/as na UDC ou noutras universidades e/ou centros de investigación e desenvolvemento nacionais ou internacionais, sempre que o interese para a abordaxe do tema do TFM escollido polo/a estudante así o xustifique.
4. Funcións das persoas que dirixan TFM:
 - a. Expor ao/á estudante as características do TFM incluídas no presente regulamento, e orientalo no relativo á elaboración do mesmo.
 - b. Realizar un seguimento da elaboración do TFM, e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.
 - c. Informar sobre a presentación e defensa do TFM, emitindo un informe final cunha cualificación de 0 a 10 puntos, que formará parte da cualificación final, sen que dito informe poida impedir a defensa do TFM por parte do estudantado.
 - d. Asesorar na presentación, exposición e defensa do TFM.
5. O tema do traballo poderá ser elixido libremente polo/a estudante, a condición de que faga referencia a algún dos contidos formativos incluídos nas materias do plan de estudos do título de Mestrado Universitario en Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria e se enmarque dentro das liñas de investigación ofertadas polo profesorado do mestrado.
6. Os temas que se propoñan para a realización do TFM, tanto polo seu nivel de análise como pola súa extensión e polos seus obxectivos, deberá poder desenvolverse nun

número de horas equivalente aos 6 créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos.

7. Unha vez seleccionado o tema, o/a estudante deberá encher o “Formulario de asignación dirección TFM”, dispoñible na páxina web da Facultade de Fisioterapia, dentro da sección de Estudos-Mestrado Universitario en Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria- Información TFM.
8. O estudante poderá elixir entre cinco tipos de traballos propostos. Con carácter excepcional, o/a estudante poderá propor a presentación dunha modalidade de TFM diferente, sempre que o/a director/a do TFM e a Comisión académica do mestrado consideren que reúne os mínimos estándares de calidade esixibles.
 - a. Traballo orixinal de investigación: o seu propósito principal é comunicar os procedementos realizados e os resultados dun traballo de investigación orixinal desenvolto polo estudante. Os apartados principais que deberán abordarse neste proxecto serán, como mínimo, os seguintes:
 - i. Introducción e xustificación (fundamentación teórica).
 - ii. Pregunta de investigación - PICO/PIO (se se aplica), obxectivo/s e hipótese.
 - iii. Metodoloxía.
 - iv. Tipo de estudo e ámbito.
 - v. Selección da mostra/participantes.
 - vi. Xustificación da mostra (se se aplica).
 - vii. Procedemento de recollida de datos.
 - viii. Instrumentos de avaliación.
 - ix. Descrición das variables para estudar.
 - x. Procedementos de intervención.
 - xi. Técnicas de análise estatística dos datos.
 - xii. Resultados.
 - xiii. Discusión de resultados, limitacións, implicacións.

- xiv. Conclusións e suxestións de investigacións futuras.
 - xv. Referencias bibliográficas.
 - xvi. Anexos, se fose necesario.
- b. Proxecto/deseño de investigación: ten como obxectivo ofrecer todas as informacións necesarias para levar a cabo un proxecto de investigación viable e aplicable. Os apartados fundamentais que deberán abordarse neste deseño de proxecto serán, como mínimo, os seguintes:
- i. Introducción e xustificación (Fundamentación teórica).
 - ii. Pregunta de investigación - PICO/PIO (se se aplica), obxectivo/s e hipótese de investigación.
 - iii. Metodoloxía.
 - iv. Tipo de estudo e ámbito.
 - v. Selección de mostra.
 - vi. Xustificación de mostra.
 - vii. Procedemento de recollida de datos.
 - viii. Instrumentos de avaliación.
 - ix. Descrición das variables para estudar.
 - x. Procedementos de intervención.
 - xi. Técnicas de análise estatística dos datos.
 - xii. Limitacións do traballo (rumbos).
 - xiii. Plan de Traballo e Cronograma.
 - xiv. Aspectos ético-legais.
 - xv. Resultados esperados e Plan de difusión.
 - xvi. Discusión e aplicabilidade dos potenciais resultados.
 - xvii. Financiamento da Investigación: orzamento do estudo (recursos persoais, materiais, económicos...).

- xviii. Referencias bibliográficas.
 - xix. Anexos, se fose necesario.
- c. Programa de intervención: ten como propósito central presentar un programa de intervención orixinal e novo, pero non necesariamente que se executou. Os apartados esenciais serán focalizados ao programa presentado e serán, como mínimo, os seguintes:
- i. Fundamentación teórica.
 - ii. Xustificación do programa e a súa potencial necesidade.
 - iii. Estrutura do programa. Xustificación desta, módulos que o integran, sesións de desenvolvemento, duración destas, contidos e actividades e duración do programa.
 - iv. Obxectivos do programa.
 - v. Recursos (humanos, materiais, financeiros).
 - vi. Avaliacións (polo menos, avaliación previa e avaliación final).
 - vii. Instrumentos de medida/avaliación que se utilizaron ou se empregarían
 - viii. Análise estatística que se realizaría.
 - ix. Achegas do programa comparándoos con outros que cubran unha temática igual ou similar.
 - x. Limitacións do programa. Suxestións de mellora.
 - xi. Conclusións xerais.
 - xii. Referencias bibliográficas.
 - xiii. Anexos, se fosen necesarios.
- d. Revisión bibliográfica sistemática (RS): teñen como obxectivos recompilar e ofrecer unha descrición sistemática e actualizada sobre un tema específico. Poderán ser elaboradas RS cualitativas ou cuantitativas (con metaanálisis). Serán desenvolvidas cumprindo os criterios recollidos no Normativa PRISMA dispoñible en: <http://www.equator-network.org/reporting-guidelines/prisma/>. Os apartados fundamentais serán os seguintes:

- i. Introducción (Fundamentación teórica).
 - ii. Formulación da pregunta de estudo (PICO/PIO) e obxectivos.
 - iii. Metodoloxía.
 - iv. Criterios de inclusión e exclusión.
 - v. Estratexia de procura bibliográfica.
 - vi. Xestión da bibliografía localizada.
 - vii. Extracción de datos e sínteses da información.
 - viii. Avaliación da calidade e clasificación dos estudos.
 - ix. Resultados.
 - x. Discusión.
 - xi. Conclusións.
 - xii. Referencias bibliográficas.
 - xiii. Anexos, se fosen necesarios.
- e. Aprendizaxe-servizo (ApS): é un traballo para un e o compromiso social coa aprendizaxe de coñecementos, habilidades, actitudes e valores. Combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto ben articulado onde os participantes aprenden ao traballar en necesidades reais da contorna coa finalidade de melloralo. Antes de seleccionar este tipo de traballo o/a estudante debe comunicar ao/á director/a o seu interese en levalo a cabo e coñecer as posibilidades de desenvolvemento dentro da liña que pretende investigar. Ligazóns informativas: https://www.udc.es/ocv/aprendizaxe_servizo/, <https://aprendizajeservicio.net/que-é-o-aps/>. Os apartados básicos serán os seguintes:
- i. Introducción (Tipo de traballo e motivación persoal).
 - ii. Antecedentes: Xustificación de traballo e a súa potencial necesidade (Fundamentación teórica).
 - iii. Presentación do proxecto e Descrición da experiencia.

- iv. Tipo de ApS, temática e acción.
- v. Entidades participantes (Receptores, destinatarios, colaboradores).
- vi. Descrición da situación e determinación do servizo necesario establecendo as aprendizaxes vinculadas ao servizo ofrecido).
- vii. Obxectivos do programa.
- viii. Plan de desenvolvemento da experiencia.
- ix. Cronograma da actividade.
- x. Tipo de intervención e procedementos.
- xi. Inclusión de material gráfico que evidencie o desenvolvemento do proxecto.
- xii. Adquisición de competencias, resultados de aprendizaxe e sistemas de avaliación da mesma.
- xiii. Resultados da experiencia: (datos, enquisas reflexións).
- xiv. Conclusións.
- xv. Referencias bibliográficas.
- xvi. Anexos, se fosen necesarios.

As estruturas suxeridas para cada tipo de traballo son orientadoras e están suxeitas a pequenos axustes por parte dos/as directores/as para atender ás especificidades de cada ámbito e/ou área de coñecemento da temática estudada.

9. O TFG deberá ter unha extensión dun mínimo de 30 e un máximo de 60 páxinas en formato DINA4, incluíndo anexos e bibliografía, e cos seguintes requisitos de maquetación:
 - a. Interlineado: 1,5 aliñado á esquerda ou xustificado (excepto en táboas e figuras); fonte: Times New Roman 12 puntos (alternativamente é posible empregar fonte Arial ou Verdana); marxes: superior e inferior 3 cm e laterais de 2,54 cm, sangría (indent) de 1,27 cm.

- b. Na portada do traballo deberá figurar o título en castelán, galego e inglés; ademais do autor ou autora, o nome do director/a de o traballo (ver formato portada no anexo II).
- c. Ao comezo do traballo deberá figura un índice paxinado do mesmo.
- d. Na primeira páxina do traballo deberá aparecer un resumo deste (dunha extensión de non máis de 200 palabras), tanto en idioma castelán ou galego, se esta é a lingua elixida, como en inglés.
- e. Todas as páxinas deberán estar numeradas correlativamente.
- f. Idioma: O TFM poderá ser presentado en calquera das linguas oficiais da UDC (galego e castelán).
- g. Normas de estilo: O estilo de citas e a elaboración da lista de referencias bibliográficas axustaranse ás normas APA (<http://www.apastyle.org/>). Alternativamente, poderán utilizarse o estilo Vancouver, seguindo os Requisitos de Uniformidade para Manuscritos enviados a Revistas Biomédicas (<http://www.icmje.org/>). Recoméndase a utilización das versións máis recentes de cada normativa. Podedes atopar máis información sobre as citas e referencias bibliográficas nas guías da biblioteca na ligazón https://infoguias.biblioteca.udc.es/citas_referencias_gl. A lista de referencias bibliográficas aparecerá en folla/sección aparte, ao final do manuscrito, e incluíranse unicamente aquelas referencias que se consideren importantes e fosen lidas polos/as autores/as do TFM. Todas as referencias deben estar citadas no texto de forma consecutiva segundo a orde de aparición, e identificadas mediante chamada en números arábigos en superíndice, sempre colocadas tras un punto, coma ou punto e coma. Os nomes das revistas deben abreviarse conforme ao estilo do Index Medicus ([http:// www.nlm.nih.gov](http://www.nlm.nih.gov)).

CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados

Artigo 5. Oferta e asignación do TFM

1. A organización académica da materia TFM corresponde á Coordinación do mestrado, sendo a Comisión Académica do título o órgano colexiado con competencias delegadas

pola Xunta de Facultade. A función principal deste órgano será xestionar todo o proceso relativo ao TFM e asegurar a aplicación do regulamento correspondente.

2. A oferta e asignación do TFM realizaranse co soporte da plataforma oficial de xestión universitaria vixente na UDC, de acordo coas seguintes directrices xerais:
 - a. Durante o primeiro cuadrimestre, a coordinación do mestrado actualizará a listaxe de directores/as e liñas de traballo ofertadas, que se fará pública no Campus Virtual e na páxina web do centro.
 - b. Para a distribución dos traballos seguirase o seguinte mecanismo de asignación. En primeiro lugar, cada estudante remitirá ao coordinador/a do mestrado, seguindo a forma e nos prazos indicados, unha relación das 3 liñas de investigación sobre as que desexan realizar o seu TFM entre as ofertas indicadas polo profesorado do mestrado e publicadas no Campus virtual da materia.
 - c. As 3 liñas presentaranse por orde de preferencia, e deberán ser elixidas entre as ofertadas polos docentes do mestrado. As opcións de liñas deben corresponder a diferentes directores/as. No caso de que as solicitudes superen as prazas dispoñibles polo/a director/a utilizarase o expediente académico do/da estudante para a asignación. O procedemento será publicado con antelación suficiente para permitir a realización e defensa do TFM no período previsto, garantindo en todo caso a igualdade de oportunidades entre o alumnado para optar ás propostas e entre o profesorado, para ofertar temas e actuar como director/a.
 - d. Unha vez recibidas todas as solicitudes, e co obxecto de garantir unha adecuada titorización, a comisión académica do mestrado realizará a distribución e finalmente a coordinación publicará unha listaxe coa asignación definitiva de directores.

Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos

1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFM corresponderá á persoa autora do traballo, sen prexuízo de que poidan compartirse eses dereitos se así o acordan o/a autor/a e as persoas implicadas na súa elaboración.
2. O TFM necesariamente ha de garantir a protección de datos de carácter persoal dos potenciais participantes, evitando a posibilidade de ser identificados. Tomaranse as oportunas medidas de tratamento de datos, imaxes ou outros arquivos audiovisuais seguindo o disposto na Lei Xeral de Sanidade (14/1986 do 25 de Abril) e a Lei 41/2002 do 14 de Novembro, reguladora esta última dos dereitos e obrigacións en materia de

información e documentación clínica, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais ou os textos que eventualmente a actualicen ou substitúan. Naqueles casos en que proceda, poderanse considerar diferentes medidas para garantir a confidencialidade, dacordo ao protocolo establecido pola propia UDC.

3. Nas modalidades de TFM que se desenvolvan en contornas clínicas e sociosanitarias, será de aplicación o Plan de Prevención e Hixiene da Facultade de Fisioterapia, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade, saúde e prevención de riscos das institucións e/ou entidades nas que se desenvolva o traballo.

CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación

Artigo 7. Defensa do TFM

1. O TFM só poderán ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o /a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de mestrado, agás os correspondentes aos propios TFM.

No caso dos programas de mobilidade estarase ao previsto regulamentariamente.

No caso de estudantes con matrícula condicionada por non ter superado integramente o título de acceso a un mestrado e que soliciten a defensa de ambos os traballos de fin de estudos (TFG e TFM) no mesmo curso académico, deberán acompañar as solicitudes de defensa cunha declaración responsable en que deixen constancia do non solapamento dos obxectivos e resultados dos traballos e da manifesta diferenciación entre eles. A persoa que exerza como presidente/a do tribunal que avalíe o TFM poderá solicitar ao/á estudante unha copia da memoria do TFG.

2. A defensa do TFM non requirirá autorización das persoas directoras do traballo.
3. O procedemento de solicitude de defensa e depósito do TFM realizarase a través da plataforma oficial de xestión universitaria vixente na UDC, de acordo coas seguintes directrices xerais:
 - a. O depósito do TFM realizarase dentro do período establecido pola UDC para este fin. As datas de depósito e as orientacións detalladas estableceranse coa suficiente antelación e serán debidamente publicadas no Campus Virtual e/o páxina web da Facultade <https://www.ffisacademica.udc.gal/p/estudos.html>

- polo Consello de Goberno. Con todo, deberá respectarse sempre o número máximo de dúas oportunidades das que poderá facer uso en cada curso académico. Neste suposto, o/a estudante deberá presentar unha solicitude motivada e debidamente acreditada ante o/a Decano/a, quen resolverá a solicitude, unha vez comprobado que se cumpran as condicións legais, administrativas, técnicas, económicas ou de outra índole que xustifiquen a defensa solicitada.
- d. As datas de presentación e defensa para cada unha das convocatorias serán publicadas na plataforma Campus virtual, materia Tránsito de Mestrado e na páxina da Facultade de Fisioterapia <https://www.ffisacademica.udc.gal/p/estudos.html>. É obrigación do/a estudante o coñecemento e cumprimento das datas sinaladas.
6. A defensa do TFM realizarase en acto público, de acordo co establecido na normativa xeral da UDC e neste regulamento.
- a. A sesión de defensa desenvolverase no espazo e horario establecidos pola Facultade de Fisioterapia.
- b. A modalidade ordinaria de presentación e defensa recollida neste regulamento do Mestrado Universitario en Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria é a modalidade presencial.
- c. Con carácter excepcional, e por causa debidamente xustificada, o/a estudante poderá solicitar a defensa do seu TFM en modalidade virtual. Para tal efecto, deberá presentar unha solicitude motivada e debidamente acreditada ante o/a decano/a, quen resolverá a petición unha vez verificado que concorren circunstancias legais, administrativas, técnicas, económicas ou doutra índole que xustifiquen a modalidade solicitada.
7. A defensa dos TFM terá carácter individual, e o traballo será obxecto de avaliación formal por parte dun tribunal académico. A comunicación oral constitúe a metodoloxía de defensa establecida, garantindo a presentación individual do traballo e a posibilidade de asistencia de público.
8. As particularidades de cada curso académico relativas ao procedemento de defensa, de entre os establecidos neste regulamento, así como os criterios de avaliación aplicables en cada modalidade, recolleranse na guía docente da materia TFM, de acordo co plan de estudos e co acordado pola comisión competente en materia de TFM.

Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFM

1. Os TFM serán avaliados por un tribunal nomeado e constituído para tal fin. O Tribunal avaliador dos TFM estará composto de tres persoas que asumirán as funcións de Presidente/a, Vocal e Secretario/a e os/as seus/súas correspondentes suplentes. Todas elas deberán ser membros do profesorado do centro ao que está adscrito o título ou dos departamentos que imparten docencia na titulación de mestrado. O/a director/a de o TFM non poderá formar parte do tribunal. A composición do tribunal será anunciada previa defensa, así como a orde de presentación dos traballos ambos no Campus virtual.
2. Cualificacións criterios de avaliación: a cualificación obtida no TFM será resultado da valoración dos seguintes criterios:
 - a. Valoración achegada polo director do traballo a través do informe (10%)
 - b. Valoración da defensa pública do traballo: orde, claridade, enfatización das ideas e resultados máis relevantes, respostas ás preguntas expostas pola comisión de avaliación (30%).
 - c. Valoración dos aspectos formais do traballo: estrutura, claridade, coherencia, adecuación á modalidade elixida (20%);
 - d. Valoración dos contidos do traballo: interese científico, grao de innovación, revisión teórica, deseño metodolóxico, tratamento estatístico, interpretación dos resultados reais ou potenciais, adecuación das conclusións (40%).

A suma da cualificación obtida nestes compoñentes dará lugar á nota final do/a estudante na materia. A fin de garantir a homoxeneidade da avaliación, a Comisión Académica do mestrado establecerá e revisará periodicamente os criterios de avaliación para aplicar en cada un dos compoñentes de avaliación.

3. Procedemento do tribunal: Os tribunais rexeranse na súa actuación acorde as seguintes directrices:
 - a. Os tribunais constituiranse cinco minutos antes da hora de convocatoria oficial do estudantado no lugar establecido pola Coordinación do Mestrado da defensa.
 - b. Ao comezo da sesión, o/a secretario/a fará pasar á totalidade dos/as estudantes convocados/as e dará lectura aos criterios de avaliación dos traballos.

- c. O tribunal establecerá a orde de chamada. Poderanse tomar en consideración as solicitudes xustificativas dos/as estudantes que teñan necesidade de comezar en primeiro lugar (motivos laborais ou outros que o tribunal estime oportunos).
- d. Posteriormente, o/a secretario/a, chamará nominalmente aos/as estudantes na orde que se estableceu. En caso de ausencia considerarase que o/a estudante decae no seu dereito.
- e. Para a defensa do traballo, é estudante dispoñerá dun mínimo de 20 e un máximo de 25 minutos. Este tempo incluírá unha exposición oral do traballo, cunha duración de entre 10 e 15 minutos, seguida dun debate ou quenda de preguntas posterior co tribunal.
- f. Ao finalizar todas as presentacións, o tribunal reunirse en sesión privada para outorgar a cualificación final. Finalizado ese tempo, volverán chamar a todos/as os estudantes e comunicarán a nota asignada a cada TFM. Estas faranse públicas no Campus Virtual da materia, así como en taboleiro dedicado ao mestrado, utilizando o formato de acta oficial proporcionada.
- g. No caso de que o/a estudante non se mostre de acordo con a cualificación final outorgada polo tribunal, ten a posibilidade de revisar a súa nota nese momento e, de continuar o seu desacordo, de iniciar os procedementos establecidos na Normativa Académica de Avaliación, Revisión e Reclamación das Cualificacións dos Estudos de Grao e Mestrado Universitario vixente na UDC.
- h. No caso de que a cualificación do/a estudante sexa de “suspenso”, o tribunal emitirá un informe coas recomendacións de mellora, e farao chegar ao estudante e ao director/a de o TFM o máis axiña posible.
- i. Os traballos que obteñan cualificación igual superior a 9.0 (Sobresaliente) poderán ser incorporados ao repositorio institucional da UDC (<https://ruc.udc.es/dspace/>) previa autorización do estudante e do director.

CAPÍTULO V. Disposicións finais

Disposición final primeira. Habilitación

Facúltase ao decanato do Centro para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrución que sexan oportunas.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, de conformidade coa Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM, e será de aplicación no propio curso académico da súa publicación.

A Decana da Facultade de Fisioterapia da Universidade da Coruña

Dña. Sonia Souto Camba

ANEXO I - PORTADA DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO



TRABALLO FIN DE MESTRADO

MESTRADO EN _____

“Título TFM en galego”

Título TFM inglés

Título TFM castellano



Alumno: D/Dña. Nome e apelidos

Director/a: Prof./a. D./Dña. Dr./Dra. *Nome e apelidos*

Oportunidade: Mes e ano

ANEXO II – INFORME DO DIRECTOR/A**INFORME AVALIACIÓN TFM MESTRADO DIRECTOR/A****Nome e apelidos do director/a:**

--

Nome e apelidos do estudante dirixido:

--

Calificación:APTO NON APTO

NOTA DO TFM (0-10 puntos):

--

Xustificación da calificación:

(Firma)